

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar o expediente de modificación orzamentaria 01/2024 na modalidade de crédito extraordinaria financiado mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, sen que poida demorarse ao Pleno ordinario previsto para o derradeiro xoves do mes de marzo a fin de asegurar un correcto funcionamento dos servizos e actividades municipais.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

Considerando que non é posible demorar a aprobación deste acordo á sesión ordinaria tendo en conta que a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma é inmediatamente executiva e urxe a adxudicación dos contratos de limpeza e que a próxima Xunta de Goberno Local ordinaria está prevista para o día 21/11/2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.

TENDO EN CONTA que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que serán sesión extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde con tal carácter e fora da periodicidade establecidas para as sesións ordinarias. Tendo en conta que non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día: 05/02/2024.

Hora: 09:00 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 10:00 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA



1.- Aprobar se procede inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 01/2024 na modalidade de crédito extraordinaria financiado mediante baixas por anulación doutras partidas (EXP. 2024/T002/000001).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/acesp/acesp.jspx>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente
O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.